

Nado de home e muller



RICHARD B. MATHESON

Richard Matheson é un dos autores de ficción estadounidense máis importantes do século XX. Escritores da talla de Ray Bradbury ou Stephen King recoñeceron ser influídos por el. A súa obra literaria caracterízase pola mestura frecuente dos xéneros de ciencia-ficción, horror e fantasía; e , ademais de dúcias de relatos, escribiu guións de cinema e televisión e importantes novelas, como *Son lenda* (I am Legend, 1954) ou *O home menquante* (The shrinking man, 1956), ambas as dúas levadas ao cine . “ Born of Man and Woman” foi o primeiro conto que escribiu, cando tiña 24 anos, e que o fixo famoso inmediatamente. Publicado en *Magazine of Fantasy and Science Fiction* en 1950, foi un dos relatos seleccionados en 1970 polos membros da asociación *Science Fiction Writers of America* nunha lista dos mellores contos do devandito xénero de todos os tempos.

NADO DE HOME E MULLER

X – Hoxe cando apareceu a luz mamá chamoume noxento. Es noxento, dixo. Vin nos seus ollos que estaba enfadada. Que é un noxento?

Este día hai auga caendo de arriba. Caía por todas partes. Eu vina. Vin a terra pola ventaiña. O chan tragaba a auga igual que uns beizos con sede. Pero bebeu demasiado e púxose malo. A terra púxose escura e saía un líquido marrón. Non me gustou.

A mamá é unha guapa, seino. No meu sitio de durmir con paredes frías teño un papel que estaba detrás da caldeira. Di «ESTRELAS DA PANTALLA». Nas fotos hai caras como as de mamá e papá. Papá di que son guapos. Unha vez díxoo. E dixo que mamá tamén. Mamá

moi guapa e eu pasable. Mírate, dixo, e díxoo sen a cara simpática. Toqueille o brazo e dixen non pasa nada papá. Quitoume a man e apartouse onde eu non chegaba. Hoxe mamá soltoume da cadea un pouco para que mirase pola ventaiña. Por iso puiden ver a auga que caía de arriba.

XX – Este día había ouro arriba. Xa o sabía que cando o miro doen os ollos . Despois de miralo o soto está vermello.

Creo que iso era a igrexa. Vanse de arriba. A gran máquina trágaos e vaise rodando. Na parte de atrás vai a mamá pequena. É moito máis miúda ca min. Eu son grande. É un segredo pero arrinquei a cadea da parede. Podo mirar pola ventaiña canto queira.

Neste día cando se puxo escuro comín a miña comida e algúns bichos. Oio risas arriba. Gústame saber por que hai risas. Saco a cadea da parede e enróloa no corpo . Vou amodo cara ás escaleiras. Cando camiño sobre elas renxen. As pernas esváranme porque nunca camiño por escaleiras. Os meus pés péganse á madeira.

Chego arriba e abro unha porta. É un sitio branco. Branco como as pedriñas brancas e brillantes que caen de arriba algunhas veces. Entro e quedo quieto. Oio máis risas. Camiño cara ao son. Abro un pouco

unha porta e miro a xente. Hai máis xente da que eu pensaba. Quería rir con eles.

A mamá sae e empurra a porta. Báteme e faime dano. Caio de costas sobre o chan liso e a cadea fai ruído. Choro. Mamá fai shh para dentro e pon a man na boca. Os ollos póñense moi grandes.

Mírame. Oio a voz de papá. Pregunta que caeu

Mamá responde que o ferro de pasar . Ven, axúdame a recollelo, di. El vén e di, tanto pesa iso que necesitas axuda. Cando me ve, faise grande . A ira sáelle polos ollos. Pégame . Cáeme un pouco da auga esa do brazo. É fea . Auga verde e fea no chan.

Papá dime que vaia ao soto. Teño que ir. Arriba a luz mancábame un pouco nos ollos. Pero no soto non.

O papá átame os brazos e as pernas. Ponme na cama. Había risas arriba pero eu estaba calado mirando unha araña negra que baixaba cara a min. Penso no que dixo o papá: “Ai deus”, dixo. “E non ten máis que oito anos”.

XXX – Hoxe o papá volveu cravar a cadea antes de que houbera luz arriba. Teño que probar a sacala de

novo. Dixo que eu fora malo por subir. Dixo que non o volva facer ou pegaramo moito. Iso manca.

Manca. Durmín polo día . Pouso a cabeza na parede fría. Penso no lugar branco de arriba.

XXXX – Saquei a cadea da parede. Mamá estaba arriba. Oín pequenas risos moi agudos. Mirei pola xaneliña. Vin xente pequena como a mamá e pequenos papás tamén. Son guapos.

Facían ruídos moi agradables e saltaban. Movían moito as pernas. Son como papá e mamá. Mamá di que toda a xente normal é así.

Un dos pequenos papás mira para min . Sinala cara á xanela. Sóltome e escorrego pola parede abaixo cara ao escuro. Encóllome para que non me vexan. Escóitoos falar a carón da ventá e tamén escoito pés que corren. Un portazo soa arriba. Oio a pequena mamá dicir algo arriba. Oio pasos fortes e corro ao meu sitio de durmir. Meto a cadea na parede e déitome boca abaixo.

Oio baixar a mamá. Estiveches na xanela pregunta. Escoito a súa ira. Non te achegues á xanela. Volviches sacar a cadea.

Colle o pau e báteme con el. Non choro. Non podo facer iso. Pero o meu líquido verde molla toda a cama. Ela mírao e afástase facendo un ruído. Oh meu deus, meu deus, di , por que me fixeches isto? Oio que o pau cae no chan de pedra. Ela marcha correndo para arriba. Durmín durante todo o día.

XXXXX – Hoxe houbo auga outra vez. Cando mamá estaba arriba oín á pequena mamá baixar amodiño os banzos. Escondinme na carboeira porque mamá se anoxa se a pequena mamá me ve .

Levaba canda ela unha cousa pequena que estaba viva. Camiñaba cos brazos e tiña as orellas puntiaguadas. Ela dicíalle cousas.

Todo estaba ben ata que a cousa viva me cheirou. Correu polo carbón arriba e miroume desde alí. Os pelos puxéronse de punta. Fixo un ruído de enfado coa gorxa. Fixen ssh e entón saltoume enriba.

Eu non quería facerlle dano. Tiven medo porque me mordeu máis forte que a rata. Doeume e a pequena nai berrou. Eu collín a cousa viva apertando moito. Fixo sons que eu nunca oíra. Apertei ata esmagala toda. Quedou chea de vultos e vermella sobre o negro carbón.

Cando mamá chamou agocheime aquí. Tiña medo do pau. Foise. Arrastreime por enriba do carbón coa cousa. Escondina baixo a miña almofada e boteime enriba. Puxen outra vez a cadea na parede.

XXXXXX – Este é outro día. Papá encadeoume ben forte. Dóeme porque me pegou. Esta vez quiteille o pau das mans e fixen un ruído. Foise , levaba o rostro branco. Saíu correndo de onde durmo e pechou a porta con chave.

Non estou contento. Todo o día aquí vai frío. A cadea sae amodo da parede. E estou moi enfadado con papá e mamá. Xa verán . Farei o que fixen esa vez. Primeiro gritarei e rirei moi forte. Correrei polas paredes. Ao final colgareime cara abaixo de todas as miñas pernas e rirei e deixareilles caer pingas verdes encima ata que lamenten non ser bos comigo. Se tentan pegarme de novo fareilles dano. Fareino. Abofé.

“ Born of Man and Woman”, The Magazine of Fantasy & Science Fiction, 1950.

Richard B. MATHESON (Estados Unidos, 1926-2013)

Hora de ler



Hora de ler